

SECRETARÍA DE ESTADO
DE TURISMO

NÚMERO DE EXPEDIENTE	PCO.001.2024.00306
CÓDIGO PROXECTO	2024.3.81990.5
DENOMINACIÓN	PSTD: CENTRO HISTÓRICO DE FERROL E PATRIMONIO MILITAR DA COSTA ÁRTABRA

ANEXO 1 - MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DE CONTRATAR

ASUNTO: NGEU_CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A XESTIÓN DO PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO CENTRO HISTÓRICO DE FERROL E PATRIMONIO MILITAR DA COSTA ÁRTABRA FINANCIADO CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATIONEU (PRTR)_PSTD CENTRO HISTÓRICO DE FERROL E PATRIMONIO MILITAR DA COSTA ÁRTABRA (E4.A4.1)

PSTD CENTRO HISTÓRICO DE FERROL E PATRIMONIO MILITAR DA COSTA ÁRTABRA	
EIXE	4. Competitividade
ACTUACIÓN	4.1. Asistencia técnica PSTD
CODIFICACIÓN	E4.A4.1

Para superar a grave situación económica que desencadeou a pandemia do COVID 19 a Comisión Europea, o Parlamento Europeo e o Consello da Unión Europea acordaron un plan de recuperación para saír desta crise e sentar as bases para unha Europa moderna e máis sostible. Así, o Consello Europeo puxo en marcha a iniciativa NEXT GENERATION EU (NGEU), estruturada en varios instrumentos, un dos de maior volume é o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, que apoiará reformas e investimentos a longo prazo cun impacto duradeiro na produtividade e a resiliencia da economía da Unión Europea.

En España o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) traza a folla de ruta para a modernización da economía española e para responder aos retos da próxima década, co fin de mitigar o impacto da emerxencia sanitaria e adaptarse ao novo escenario postpandemia, comportando un importante volume de investimento público e privado nos próximos anos que se financiará cos citados fondos NGEU.



A quinta política do PRTR está denominada “Modernización e dixitalización do tecido industrial e da PEME, recuperación do turismo e impulso a unha España Nación Emprendedora” e materialízase, polo que respecta ao sector turístico, a través do compoñente catorce: “Plan de Modernización e Competitividade do Sector Turístico”, cuxo obxectivo principal é transformar e modernizar o sector turístico en España a través da sostibilidade e a dixitalización, aumentando a súa competitividade e resiliencia.

Os catro grandes eixes desta compoñente son:

1. Transformación do modelo turístico cara a sostibilidade;
2. Programa de dixitalización e intelixencia para destinos e sector turístico;
3. Estratexias de resiliencia turística para territorios extrapeninsulares;
4. Actuacións especiais no ámbito da competitividade;

No primeiro dos eixes é no que se sitúa esta Estratexia de Sostibilidade Turística en Destinos, que pretende situar a sostibilidade como pedra angular da transformación do modelo turístico, que ten o seu reflexo nos Plans Territoriais de Sostibilidade Turística, que á súa vez articulan a súa intervención por medio dos Plans de Sostibilidade Turística en Destino (PSTD), que se constitúen como plans cuxo deseño e execución corresponde aos entes locais de cada un dos destinos, e orientaranse á resolución da problemática dos destinos que estea á súa vez interrelacionada cos obxectivos previstos na Estratexia de Sostibilidade Turística en Destinos e cos demais obxectivos estratéxicos estatais e autonómicos en materia de turismo.

A Deputación provincial da Coruña presentou na convocatoria do 2023 un PSTD extraordinario supramunicipal:

- O Proxecto Centro Histórico de Ferrol e Patrimonio militar da Costa Ártabra que implica aos municipios de Ares, Ferrol e Valdoviño

Este proxecto está dirixido a incrementar a sostibilidade e capacidade operativa dos territorios ou dos seus xestores, reforzando a colaboración público - privada para responder á caída da demanda e á necesaria adaptación dos destinos turísticos consecuencia da crise sanitaria global.



A solicitude do PSTD para o Proxecto Centro Histórico de Ferrol e Patrimonio militar da Costa Ártabra foi aprobada e formalizada mediante Resolución do 22 de maio de 2023, da Secretaría de Estado de Turismo, publicouse o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo, do 9 de maio de 2023, polo que se fixan os criterios de distribución e a repartición resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais, no marco do Compoñente 14 Inversión 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

A achega para o PSTD foi de 2 millóns de euros divididos en 3 anualidades, coas súas correspondentes accións e partidas económicas, sen que se contemple a posibilidade de prórroga máis aló da finalización dos mencionados 3 anos.

Dentro das propostas de actuación do Plan de Sostibilidade Turística en Destino Centro Histórico de Ferrol e Patrimonio militar da Costa Ártabra atópase a contratación dunha asistencia técnica que “consistirá na creación dun ente xestor responsable da coordinación, execución e seguimento das accións definidas no Plan de Sostibilidade Turística en Destinos”.

Serán labores propios da asistencia técnica a análise, avaliación, asesoramento, coordinación, dirección, seguimento e xustificación de todas as accións e actuacións contidas no PSTD, garantir o impulso e implementación de todas cantas as actuacións relacionadas con estes Plans e actuará como a coordinación da asistencia técnica do PSTD, ademais de apoiar á Deputación provincial da Coruña nos labores encomendados á Comisión de Seguimento.

Dada a composición da estrutura da Deputación provincial da Coruña e a complexidade da xestión e asesoramento necesarios para o desenvolvemento e xustificación das actuacións previstas no PSTD Centro Histórico de Ferrol e Patrimonio militar da Costa Ártabra, é polo que se considera oportuno a realización dunha contratación que permita un apoio externo a esta Administración, de acordo tanto coas prescricións deste tipo de actuacións como do resto de normativa nacional e europea aplicable a esta.

O PSTD Centro Histórico de Ferrol e Patrimonio militar da Costa Ártabra está financiado con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU (PRTR).